

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

ACTAS
COMISIÓN DE CALIDADE
Curso 2023-2024

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 05/06/2023
--

Desculpan a asistencia Tony Crespo, Francisco Rodríguez e Eduardo Giménez.

Comeza a sesión, en reunión ordinaria, na sala de Xuntas do decanato, ás 13.00 horas, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (05/06/2023). [Axúntase arquivo]
- 2.- Informe da responsable de Calidade.
- 3.- Validación, se procede de Informe de Revisión pola Dirección 2021/22 (R1 D-E3 P1). [Axúntase arquivo]
- 4.- Rogos e preguntas.

Punto 1.

Apróbase por asentimento a proposta de acta correspondente á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 05/06/2023

Punto 2.

A coordinadora de calidade, María Xosé Vázquez, explica que o motivo desta reunión é a aprobación do Informe de Revisión pola Dirección do curso 2021/22, para así pechar a documentación correspondente a ese curso. Pide desculpas á comisión polo retraso na súa elaboración, en parte debida a tardía incorporación de datos no portal de transparencia e, en parte, debida a que é o primeiro informe deste tipo que elabora a vicedecana, e que lle levou máis tempo do previsto pola súa complexidade.

Punto 3.

Apróbase por asentimento o Informe de Revisión pola Dirección do curso 2021/22.

Punto 4.

Intervén a profesora Coral del Río para preguntar sobre o procedemento para cambiar unha materia optativa no grao en Economía. A Decana, Dolores Garza, informa de que, unha vez completado o proceso da acreditación do título, sempre que se obteña informe favorable definitivo, procederá a modificación da memoria da titulación para a súa adaptación ao RD 822/2021 e nese momento poderán incorporarse todas as modificacións necesarias. Aínda que, dado que estamos aínda inmersos en proceso de acreditación, o procedemento haberá que inicialo no curso 2024/25, pódese iniciar xa o proceso de cambio a finais de 2023 ou principios de 2024, se os departamentos o consideran necesario.

Intervén a profesora Begoña Álvarez con un rogo, solicitando acceso ao Espazo Común da Titulación de Economía en MooVi.

A profesora Coral del Río tamén traslada unha petición da Área de Igualdade a respecto dos dispensadores de produtos menstruais na facultade. Indica que é necesario poñer nos dispensadores un



contacto para comunicar incidencias. A equipa decanal comprométese a poñer información con un email e teléfono nos dispensadores para solucionar o problema.

Sen máis rogos nin preguntas, levántase a sesión ás 13.30 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 17/11/2023
--

Desculpan a asistencia Coral del Río e Leticia Lorenzo.

Comeza a sesión, en reunión ordinaria, na sala de Xuntas do decanato, ás 11.15 horas, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/09/2023).[Axúntase arquivo]
- 2.- Informe da responsable de Calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, de Resumo de Accións de Mellora incorporadas no SGIC con base no informe provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación da titulación do Grao en Economía. [Axúntanse informe provisional de avaliación e documento resumo de melloras].
- 4.- Ratificación, se procede, da/s Declaración/s de Interese e do/s Formulario/s de Modificacións non Substanciais para a modificación da/s memoria/s de titulación dos Mestrados da, co obxectivo de incorporar o ámbito de coñecemento segundo o listado do Anexo I do RD822/2021. [Axúntase declaracións de interese e formularios de modificacións]
- 5.- Rogos e preguntas.

Punto 1.

Apróbase por asentimento a proposta de acta correspondente á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 19/09/2023.

Punto 2.

A coordinadora de calidade, María Xosé Vázquez, da a palabra á Decana, Loli Garza, para que informe das novidades relacionadas coa PDA. A decana informa de que este ano a reitoría decidiu que a aprobación da PDA sexa anterior ao remate do ano, polo que se comezou co proceso. No encargo de PDA para o curso 2024/25 obrígnanos a facer unha redución considerable de horas de docencia, en torno a 600 horas. O decanato terá unha reunión cos departamentos o vindeiro luns para discutir diferentes escenarios.

Punto 3.

Apróbase por asentimento o documento Resumo de Accións de Mellora, con dúas pequenas modificacións: 1) no Criterio 3, incorporar unha actuación “Solicitar aos responsables de calidade da Universidade o establecemento de medidas para aumentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción, e 2) no Criterio 4, cambiar o nome da Acción de Mellora 4 para incorporar a actuación relacionada co fomento da participación en artigos de impacto do profesorado.

Punto 4.

Apróbanse por asentimento as declaracións de interese e formularios de modificacións non

substanciais dos mestrados de Finanzas (aprobados previamente en CAM 8/11), MAIE (CAM 10/11) e MXDS (CAM 14/11). Autorízase a incorporación posterior do formulario de modificacións do MXDS.

Punto 5.

A profesora Begoña Álvarez, reitera a súa solicitude de acceso ao espazo común da titulación en MooVi, como coordinadora de titulación (Grao en Economía).

Sen máis rogos nin preguntas, levántase a sesión ás 12.00 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 19/12/2023

Desculpa a asistencia Leticia Lorenzo .

Comeza a sesión, en reunión ordinaria, na sala de Xuntas do decanato, ás 11.15 horas, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/11/2023).[Axúntase arquivo]
- 2.- Informe da responsable de Calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, do Plan de Promoción do Centro (R1-DO0202 P1) do curso 2022/2023.
4. Aprobación, se procede, do Informe Final de Avaliación do Plan de Acción Titorial (R2-D00203 P1) do curso 2022/23.
- 5.- Rogos e preguntas.

Punto 1.

Apróbase por asentimento a proposta de acta correspondente á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 19/09/2023

Punto 2.

A coordinadora de calidade, María Xosé Vázquez, presenta un resumo das principais conclusións e recomendacións derivadas dos informes de coordinación das titulacións do curso 2023/2024, que foron xa enviados á plataforma do SGIC. Agradece a colaboración das persoas coordinadoras de todos os títulos pola dilixencia e bo traballo á hora de elaborar e enviar os informes. Tamén informa de que os informes completos estarán dispoñibles na web da facultade, unha vez validados internamente pola área de Calidade da Universidade.

Punto 3.

Apróbase por asentimento o Plan de Promoción do Centro do curso 2022/23.

Punto 4.

Apróbase por asentimento o Informe Final de Avaliación do Plan de Acción Titorial do curso 2022/2023.

No punto 5, rogos e preguntas, debateuse entre os presentes (1) a necesidade de elaborar un formato común para os informes de coordinación dos mestrados, (2) a necesidade de mellorar a web do centro en moitos aspectos, entre eles, a información do profesorado e da oferta de postgrao do centro (en lugar da xornadas de presentacións de mestrados, que tiña pouca acollida), así como intentar que a información sexa útil para a captación de alumnado; (3) estudar a maneira de reactivar as redes sociais



da facultade. Tamén se propón a idea de elaborar algún vídeo corto de presentación dos mestrados para colgar na web e en redes sociais.

Sen máis rogos nin preguntas, levántase a sesión ás 12.40 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 05/03/2024
--

Desculpa a asistencia Begoña Álvarez e Ángeles Casal.

Comeza a sesión, en reunión ordinaria, na sala de Xuntas do decanato, ás 12.30 horas, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior (19/12/2023).
2. Informe da responsable de calidade.
3. Aprobación, se procede, do Informe de Resultados de Satisfacción propios do centro/titulación (procedemento R1-MC05 P1) do curso 2022/2023.
4. Aprobación, se procede, da documentación correspondente ao procedemento Verificación/chequeo de Información Pública (R1-DO0301 P1) do curso 2022/2023.
5. Aprobación, se procede, do Informe R2-PE01 P1, Identificación das necesidades de formación do PAS do centro do curso 2022/2023.
6. Aprobación, se procede, do Informe R1-PE01 P1, Identificación das necesidades de contratación do PAS do centro do curso 2022/2023.
7. Aprobación, se procede, do Informe R1-IA01, Xestión dos recursos materiais e dos servizos, exercicio 2023..
8. Rogos e preguntas.

Punto 1.

Apróbase por asentimento a proposta de acta correspondente á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 19/12/2023.

Punto 2.

A coordinadora de calidade, María Xosé Vázquez, explica que os informes a aprobar na comisión correspóndense a procedementos pendentes de aprobar do curso 2022/23. En breve, procederemos a redactar o IRD para ese mesmo curso, para o cal se lles solicitará aos mestrados a documentación correspondente.

Punto 3.

Apróbase por asentimento do Informe de Resultados de Satisfacción propios do centro/titulación (procedemento R1-MC05 P1) do curso 2022/2023..

Punto 4.

Apróbase por asentimento a documentación correspondente ao procedemento Verificación/chequeo de Información Pública (R1-DO0301 P1) do curso 2022/2023.

Punto 5.

Apróbase por asentimento o Informe R2-PE01 P1, Identificación das necesidades de formación do PAS do centro do curso 2022/2023.

Punto 6.

Apróbase por asentimento o Informe R2-PE01 P1, Identificación das necesidades de formación do PAS do centro do curso 2022/2023.

Punto 7

Apróbase por asentimento o Informe R1-IA01, Xestión dos recursos materiais e dos servizos, exercicio 2023.

Sen rogos nin preguntas, levántase a sesión ás 12.45 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 04/04/2024
--

Desculpa a asistencia Begoña Álvarez, Tony Crespo, Coral de Río, Raquel Gandón...

Comeza a sesión, en reunión ordinaria, na sala de Xuntas do decanato, ás 11.45 horas, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (05/03/2024).
- 2.- Informe da Vicedecana de Calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, do informe de autoavaliación de renovación da acreditación do Mestrado en Economía (aprobado na CAM do 01/04/2024)
- 4.- Aprobación, se procede, do anexo complementario de modificación non substanciais coa Formación Básica vinculada ao ámbito de coñecemento da titulación de Graduado en Administración e Dirección de Empresas.
- 5.- Rogos e preguntas.

Punto 1.

Apróbase por asentimento a proposta de acta correspondente á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 05/03/2024.

Punto 2.

A coordinadora de calidade, María Xosé Vázquez, explica que os informes a aprobar na comisión correspóndense, en primeiro lugar, o do mestrado de Economía, ao proceso de acreditación no que está inmerso e, en segundo lugar, o do grao en ADE, a un requerimento da ACSUG en relación á adscripción das materias de primeiro curso.

Punto 3.

Apróbase por asentimento o informe de autoavaliación de renovación da acreditación do Mestrado en Economía.

Punto 4.

Apróbase por asentimento anexo complementario de modificación non substanciais coa Formación Básica vinculada ao ámbito de coñecemento da titulación de Graduado en Administración e Dirección de Empresas.

Punto 5.

Sen rogos nin preguntas, levántase a sesión ás 12.15 h.

Vº e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE 03/05/2024
--

Desculpan asistencia Raquel Gandón e Ánxela Fernández.

Comeza a sesión, en reunión ordinaria, na sala de Xuntas do decanato, ás 11.48 horas, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (04/04/2024).[Axúntase arquivo]
- 2.- Informe da responsable de Calidade.
- 3.- Aprobación, se procede, de Informe de Revisión pola Dirección, 2022-2023 (R1-DE03 P1).
- 4.-Aprobación, se procede, da Comisión para a Elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro (R1-DE01P1).
5. – Aprobación, se procede, da actualización dos procedementos de Calidade seguintes:
 1. DE-02. Seguimento e Medición. Índice 5.
 2. DO-0101. Deseño, Verificación, Modificación e Acreditación das Titulacións Oficiais. Índice 06.
 3. DO-0102. Seguimento e melloras das titulacións. Índice 5.
 - SGC Formulario de modificacións non substanciais. Anexo I.
 4. XD-01. Control dos documentos e dos rexistros. Índice 2.
 - XD 01 Anexo 1. Modelo Procedementos.
 5. PE-02. Xestión do Persoal Docente e Investigador. Índice 05.
- 6.- Aprobación, se procede, da extinción do Mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible.
- 7.- Aprobación, se procede, das alegacións de resposta á ACSUG respecto das memorias do Máster en Economía Circular.
- 8.-Aprobación, se procede, do cambio de adscrición do centro do Máster en Economía Circular.
- 9.- Rogos e preguntas.

Punto 1. Apróbase por asentimento a proposta de acta correspondente á reunión ordinaria da Comisión de Calidade do 04/04/2024.

Punto 2. A coordinadora de calidade, María Xosé Vázquez, informa de dous puntos:

- O decanato recibiu un informe da ACSUG respecto da modificación da memoria do grao en ADE, na que se solicita algunha información adicional sobre perfiles de egreso, actividades formativas e sistemas de avaliación e profesorado. O prazo é bastante axustado e temos unha reunión coa área de Calidade para planificar os cambios a realizar e solicitar un aprazamento.
- O mestrado en Economía está inmerso no proceso de renovación da acreditación e teremos

unha visita da comisión avaliadora da ACSUG o día 27/05/2024.

Punto 3. Apróbase por asentimento o Informe de Revisión pola Dirección, incluídos os Indicadores das Titulacións e o Plan de Melloras. A Comisión autoriza tamén a corrixir pequenas erratas detectadas no documento enviado.

Punto 4. Apróbase por asentimento a creación e composición da Comisión para a elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro (R1-DE01 P1). A composición da comisión é a seguinte:

	Nome e apelidos	Colectivo/s representados
Presidenta	M ^a Dolores Garza Gil	Decanato
Vicepresidenta	M ^a Xosé Vázquez Rodríguez	Vicedecanato calidade
Secretaria	Ana de Prado Vázquez	PAS
Vogal	Nerea González Penebade	Alumnado (ADE)
Vogal	Xabier Fernández Faro	Alumnado (ECO)
Vogal	Alejandro Cobas Piñeiro	Empresa + alumnado egresado
Vogal	José Santiago Gómez Fraiz	Profesorado (ADE)
Vogal	Juan Carlos Surís Regueiro	Profesorado (ECO)+ titulacións de mestrado

Punto 5. Apróbase por asentimento a actualización dos procedementos de calidade propostos.

Punto 6. Apróbase por asentimento a extinción do Mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible.

Punto 7. Apróbase por asentimento o documento de alegacións de resposta á ACSUG, respecto das memorias do mestrado en Economía Circular.

Punto 8. Apróbase por asentimento o cambio de adscrición de centro do Mestrado en Economía Circular, á Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do Campus de Ourense.

Punto 9. Sen rogos nin preguntas, levántase a sesión ás 12.20 h.

V^o e Pr. Decana

A Vicedecana de Calidade

Dolores Garza Gil

María Xosé Vázquez Rodríguez